



ACTA Nº 2023/10

SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE, venres 14 de xuño de 2023 -

No día de hoxe, ás 19:57 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

<p style="text-align: center;">ALCALDESA MARGARITA LAMELA LOUZÁN</p> <p style="text-align: center;">CONCELLEIROS/AS RUBÉN VILLAR AGULLEIRO EMILIA MARÍA TRILLO LOJO SERGIO ROMERO CONDE MARÍA LUISA RODRÍGUEZ RIVEIRO BELÉN FERNÁNDEZ CONDE ALFONSO CANOSA BLANCO JESÚS ÁNGEL PICALLO SANTOS AGUEDA MARÍA DÍAZ MEJUTO MARÍA VICTORIA AREAS POSE SERXIO DOMINGUEZ LOURO MONSERRAT CANOSA VIGO MARÍA DEL PILAR IGLESIAS LEMA</p> <p style="text-align: center;">SECRETARIA ROCIO HERMIDA CANCELA</p> <p style="text-align: center;">INTERVENTORA ROSA M^a FERNÁNDEZ CANOSA</p>

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:

- I. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 26 de xuño de 2023.

Sométese á votación o borrador e resulta aprobado por unanimidade dos asistentes.

- II. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 30 de xuño de 2023.



Intervén a Sra Rodríguez Riveiro e di que pensa que hai un erro, a hora de transcribir os datos na páxina 8 de 15 que se pon na lexislatura anterior a alcaldesa percibía entorn a 325000 euros brutos pero son 32500 euros brutos para que se teña en conta na da mais.

Sométese á votación o borrador e a alegación formulada e resultan aprobados por unanimidade dos asistentes.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da Conta Xeral 2022. EXPEDIENTE Nº: 2023/T017/000001.

Considerando o seguinte:

Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 10 de xullo de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

2. Proposta da alcaldía relativa á aprobación da Conta Xeral 2022. EXPEDIENTE Nº: 2023/T017/000001.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA
Asunto: Aprobación da Conta Xeral 2022.
EXPEDIENTE Nº: 2023/T017/000001.

Considerando a Conta Xeral correspondente o Orzamento Municipal do 2022 formada pola Intervención Municipal deste Concello e documentación que a acompaña.

Resultando que dita Conta foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Economía e Facenda (que asume as función de Comisión Especial de Contas) celebrada o 11 de maio de 2023.

Consta no expediente a exposición pública durante quince mais oito días, no BOP Nº 93 do 18 de maio de 2023 así como no Taboleiro de Anuncios.

Consta informe de rexistro do Concello conforme o cal, no prazo de alegacións, non se presentaron reclamacións ao respecto.

En uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente **PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:**

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao Orzamento Municipal do 2022.

Segundo.- Unha vez aprobada a Conta Xeral do 2022, por parte do Pleno Municipal, será rendida e sometida, con toda a documentación que a integran, á fiscalización da Consello de Contas, remitida telematicamente a devandito organismo, nos termos establecidos no artigo 212.3 de Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.



Sra alcaldesa.
Margarita Lamela Louzán.
Asinado dixitalmente ao marxe.”

Sométese a votación a proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE , 1 voto en contra do grupo político BNG e 3 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA.”

-----INTERVENCIÓNS-----

Interven a Sra alcaldesa di que dado que ten afonía non pode falar e falará o voceiro do goberno. Sr Villar di que tendes segundo se remitiu os grupos e falou na comisión a conta pertencente o exercicio 2022, tendes algunha intervención?.

Non se producen.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a Proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor do grupo político PSOE e 6 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación inicial Orzamento 2023. EXPEDIENTE Nº: 2023/T004/000001.

Considerando o seguinte:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Economía e Facenda o día luns 10 de xullo de 2023 emitíuse o seguinte **DITAME**:

“3. Proposta da alcaldía relativa á aprobación inicial Orzamento 2023. EXPEDIENTE Nº: 2023/T004/000001

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: Aprobación Inicial Orzamento 2023.

EXPEDIENTE Nº: 2023/T004/000001

Formado o Orzamento Municipal deste Concello correspondente ao exercicio económico 2023, así como, as súas Bases de Execución e o Anexo de persoal comprensiva de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o contido do informe da Sra Interventora municipal, de data 5 de xullo de 2023.

ACORDO



PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal deste Concello, para o exercicio económico 2023, xunto coas súas Bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ESTADO DE GASTOS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	6.024.633,43€
CAPÍTULO 1: Gastos de Persoal	2.096.715,47
CAPÍTULO 2: Gastos Correntes en Bens e Servizos	3.713.757,96€
CAPÍTULO 3: Gastos Financeiros	2500 €
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	211.660€
CAPÍTULO 5	0€
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	381.174,64 €
CAPÍTULO 6: Investimentos Reais	331.174,64€
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	50.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	6.405.808,07€

ESTADO DE INGRESOS	
A.1. OPERACIÓNS CORRENTES	6.355.808,07€
CAPÍTULO 1: Impostos Directos	2.382.340,80€
CAPÍTULO 2: Impostos Indirectos	100.000€
CAPÍTULO 3: Taxas, Prezos Públicos e outros Ingresos	767.887,12€
CAPÍTULO 4: Transferencias Correntes	3.053.218,31€
CAPÍTULO 5: Ingresos Patrimoniais	52.361,84€
A.2. OPERACIÓNS DE CAPITAL	50.000 €
CAPÍTULO 6: Alleamento de Investimentos Reais	0,00 €
CAPÍTULO 7: Transferencias de Capital	0,00 €
CAPÍTULO 8: Activos Financeiros	50.000 €
CAPÍTULO 9: Pasivos Financeiros	0,00 €
TOTAL:	6.405.808,07€

SEGUNDO. Aprobar inicialmente o anexo de persoal, comprensiva de todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e persoal eventual.



TERCEIRO. Expor ao público o Orzamento Municipal, as Bases de Execución e anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

CUARTO. Considerar elevados a definitivos estes Acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

QUINTO. Remitir copia á Administración do Estado, así como, á órgano de goberno da Comunidade Autónoma.

Asinado dixitalmente ao marxe.

Alcaldesa Concello de Cee.

Margarita Lamela Louzán.”

Sométese a votación a proposta da alcaldía e resulta ditaminada favorablemente no seguinte sentido: 5 votos a favor do grupo político PSOE , 1 voto en contra do grupo político BNG e 3 abstencións dos restantes concelleiros/as asistentes á sesión.

A secretaria, ROCIO HERMIDA CANCELA”

-----INTERVENCIÓNS-----

Intervén o Sr Villar e di que xa recibiron a documentación xa tratamos na comisión e vou explicar un pouco os orzamentos para o 2023 o importe ascenda a 645808,07 euros, é equilibrado cumpre co principio de estabilidade presupostaria, o informe de intervención que recibistes é de conformidade, foron confeccionados con moita prudencia e axustándose a realidade e obxectividade que temos no concello sabendo que no mes 7 estamos sometidos a uns gastos e ingresos dedúcese tamén do informe de intervención que é de conformidade, temos unha diferenza positiva respecto os orzamentos do 2020 de 664421,46 euros esta cantidade a maiores ven derivada da recaudación do Icio uns 100000 euros, as taxas licenzas urbanísticas 55000 euros a PTE respecto o 2020 ascende a 374000 euros e o Fondo Cooperación Local ascende a 388000. Respecto os gastos, salientar as partidas que mais gastos conleva, relación o persoal funcionario e laboral incrementase en 20700 euros, a policía local 15227 derivado do incremento do 2,5% que manda o goberno e temos unha reserva dun 1% en previsión para o seguinte ano. Incrementase considerablemente a partida de servizos sociais pasando de 395000 a case 540000 euros cunha diferenza positiva de 140000 euros, unha partida de conciliación para atención do servizo de conciliación de madrugadores que suma un total de 13600 euros, incrementase tamén a partida destinada a protección salubridade pública que inclúe os gastos en animais que pasa de 50.000 a 70.000 euros, contando coa obriga dos artigos 6.1 e 22 da lei 4/2017 do 3 de outubro de protección e benestar de animais de compañía en Galicia. A partida destinada a servizo de recollida selectiva limpeza viaria e tratamentos de residuos aumenta alcanzando 837818 euros despois da licitación que se levou a cabo o ano pasado co novo contrato, nesta partida temos unha parte dela destinada a substitucións debido a numerosas baixas que temos neste servizo tanto recollida de residuos como limpeza viaria que temos que cubrir os traballadores que o Concello ten neses servizos. As partidas de xardinaría ascenden a 90000 euros sendo antes 45000, débese a licitación do desbroce, cabe destacar tamén a expropiación da finca do Fornelo para construción da nova depuradora, as aportacións municipais respecto obras do POS, un 20%, para casa cultura Brens van 5190, Pavimentación Morancelle 25496 euros, na partida do PAM que ven desglosada ascende a 110.000 euros aparecen subvencións xa a maiores concedidas, a que falta é instalación fotovoltaica na piscina municipal, as outras están concedidas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



e temos que facer fronte a porcentaxe de aportación municipal, na partidad da IDAE e outros están aforro e eficiencia enerxética Escabanas casi 50.000 euros, Canosa, Lires, San Xosé de Pereiriña, Raíces 35559 euros, e tamén as zonas de Lobelos de Arriba, Vilanova e Codesos 21511,94 euros.

Sr Picallo: Boas tardes, son uns orzamentos que non están consensuados coa oposición como teñen maioría poden facelo, nos xa mostramos a desconformidade no seu momento, non estamos para nada de acordo co gasto que incrementou en salarios do goberno municipal e volvemos a facer fincapé que é un dos gobernos mais caros da historia do concello de Cee co cal son presupostos feitos por Vdes e alá vos, nos para nada vamos estar de acordo, moitas gracias.

Sr Domínguez Louro: ben, estamos ante uns orzamentos moi parecidos, similares os que non saíron adiante en decembro do 2022, e os que nos votamos en contra inda que a situación agora é diferente, con relación de forzas do concello do pleno e vamos a seguir votando en favor daquela hoxe non vimos reflexadas as nosas demandas para poder votar a favor falabamos dunha liña de becas e axudas a familias con nenos en idade escolar ou un plan de choque para de mantemento das depuradoras do rural para que dixen de ser o pozo negro de diñeiro deste concello, si a iso sumamos que xa non estamos de acordo coa cantidade de soldos do anterior mandato que agora se incrementa o noso voto non pode ser outro que estar en contra, a mais diso fincapé no tema das subvencións, recalcar o tema de reparto nas subvencións a entidades culturais e veciñais, para nos faltan moitas varias das que hai consideramos que se ten que facer por méritos a imaxe e semellanza da deputación con todas as entidades culturais e deportivas, segundo memoria de actividade ano anterior e previsión do ano que se curse, polo tanto non estamos de acordo con iso, a mais de facer outra vez fincapé faltan axudas os deportistas individuais que tanta necesidade teñen que tan alto deixan o pavillón de Cee polo mundo adiante e non se ve reflexado con axudas polo tanto o noso voto sigue a ser en contra polas mesmas razón que en decembro do 2022.

Sra Iglesias Lema: eu agradézolle o compañeiro a Ruben que fixese o que tiña que facer a alcaldesa o outro día na comisión porque entendemos que os presupostos son un dos puntos que veñen a pleno que mais contido político ten e non se nos explicou nada, é verdade que temos o deber si estamos interesados acercarnos a intervención pero eu dende que estou en política sempre que viñemos a unha comisión se nos explicaban os orzamentos e outros punto aquí se nos di que xa o teñen aí e acúsasenos a nos de que solo falamos nos plenos e non nas comisións pois acaban de facer o mesmo. Eu non sei si pode dicilo a interventora normalmente viña acompañado do anterior para unha comparativa pero bueno coa perda de pelo fóiseme a memoria tamén igual estou equivocada, como dixo Rubén como estamos a mediados de xullo e parte executado pouco hai que dicir simplemente alegrarme polo incremento na partida de servizos sociais, díxeno e seguirei dicindo haberá que incrementar ano tras ano porque todo o que se faga é pouco, iso gustoume moito o incremento das partida e logo, podería dicir mais cousas pero como non estamos de acordo cos 4 salarios que nos parecen innecesarios o noso voto vai ser en contra e dicirle o compañeiro do Pp que non é un dos gobernos mais caros da historia de Cee, é o goberno mais caro da historia de Cee.

Sr Picallo: non dixen iso, eu dixen o goberno mais caro, pode escoitar a acta.

Sra Iglesias: de momento non.

Sr Villar: para responder o portavoz do PP agora cambiou un pouco do que dixo o outro día que dixo que era a alcaldesa que mais cobraba nos concellos de 7000 habitantes e 13 concelleiros de toda Galicia, non é certo

Sr Picallo: versus presupuesto, salarios de cara o presuposto deste concello



Sr Villar: o de Ribadeo 52000, Cerceda 52000, Vimianzo 50000.

Sr Picallo: Vimianzo ten de presuposto 8,5 millóns de euros.

Sr Villar: pode facer o mesmo respecto os concellos que nos rodean, segundo os presupostos que ten e concelleiros que ten porque o outro día facía un pouco de trilerismo cos números.

Sr Picallo: trilerismo?

Sr Villar: Si, facía para unhas cousas dicía o que cobraba liquido e outras coa seguridade social, o final o que cobra a alcaldesa liquido son 2500 euros.

Sr Picallo: O coste para o concello é mais alto, seguridade social, retencións, gestión de nominas.

Sr Villar: Liquido 2500 euros, os compañeiros saben perfectamente o que cobran liquido

Sr Picallo: Podemos estar nun baile de cifras pero son 170000 euros o que costa

Sra Alcaldesa di que deixe rematar o turno.

Sr Picallo: Si me chama trilerero.

Sr Villar: digo que fixo trilerismo de números, utilizaba a seguridade social para o que lle conviña, para o concello de Cee dicía 170000 e outros concellos non facía a conta coa seguridade social, igual co outro día da proporcionalidade cos presupostos non o dixo o outro día e agora si, o outro día era a alcaldesa que mais cobraba de Galicia e agora é o goberno.

Sr Picallo: Refírome a Cee.

Sr Villar: Digo que fixo un cambio de criterio, pode pensar o que queire pero dixo que era a alcaldesa que mais cobraba entre os concello de 5 a 20000 habitantes.

Sr Picallo: Versus presupuesto, a orde dos factores non altera o produto.

Sra Alcaldesa: no puedo hablar que estoy afónica deje que termine su intervención y usted si quiere replique por alusiones y no me haga forzar la voz.

Sr Picallo: Diga a su portavoz que no insulte.

Sra alcaldesa: Por favor le pido.

Sr Picallo: Por favor le pido yo que no me insulte.

Sra alcaldesa: Puede callar, despues replique por alusiones.

Sr Picallo: Estamos en la casa de todos y que no insulte.

Sra alcaldesa: Es una sesión plenaria donde primero interviene uno y replica otro por alusiones pero no se interrumpen.

Sr Villar: dicía que era un trilerismo de números non é un insulto, podemos velo na acta da sesión anterior que cando facía as contas metía seguridade social para coste do goberno de Cee e para os outros non, non se pode comparar no liquido co bruto e despois bruto con liquido para según interese, si vai a comparar co bruto de un concello compare con bruto, di que cobra 170.000 euros non é certo

Sra Alcaldesa: aparte unha cuestión, estamos discutindo ou afirmando que el que mas cobró en la historia de Cee, los salarios del alcalde aumentaron proporcionalmente con relación a los años, cuando un alcalde anterior cobró un 93,33 % era de lo que podía percibir de la cantidad fijada en los presupuestos generales, y ahora es un 95% de la cuantía máxima, evidentemente en aquel año la cuantía máxima que podía cobrar era menor, y este año es mayor porque subieron, nada más y usted pueden hacer con otros concellos y mirar las dedicaciones no solo de la alcaldesa las dedicaciones exclusivas y parciales que tienen los concejales y son bastantes superiores a las que tienen los concejales de Cee en todo caso, Cee a diferencia del resto de Concellos de la Costa da Morte le puedo decir que el trabajo que existe en este concello es bastantes superior porque a fin de cuentas viene a ser una ciudad pequeña con todo tipo de materias, el trabajo administrativo y no administrativo es superior al resto de concellos de la Costa da Morte, lo puedo confirmar y lo puede confirmar los trabajadores de este Concello.



Exp. 2023/G010/000011

Sr Picallo: matizando que non me estabas chamando trilero, quero dicir que me manteño no que dicía, este goberno costa 170000 euros o ano o coste laboral do que leva para casa 2000 o coste é de 3000 esto é así, eres un tío de números penso que o entendes, é certo que si me refiro a concellos da Costa da Morte con mais poboación e mais presuposto e con xornada de 100% e non camuflada o 95% isto é a realidade está aí a alcaldesa que se jacta dun gran traballo na última lexislatura costaba un 40% menos, non entendo agora habendo mais dedicacións porque ten que costar mais, son datos que podemos quedar a tomar un café e falamos sen problema, moitas grazas.

Sr Villar: o do 95% quedou explicado perfectamente na comisión do salarios, explicou ten casos que ten que seguir con eles ata que o acabe senón collería o 100% pero non pode cerrar o despacho e deixar os casos sin atender, foi totalmente claro, de todas formas a dedicación ninguén a pon en duda que é mais dun 100% non é un traballo que pon de 9 a 14:37 todos sabemos que iso non é unha realidade, de todas formas 2500 euros líquidos para a responsabilidade dunha persoa que dirixe un concello non me parece nin sequera alto, respecto o ano anterior se fixo un traballo espectacular e referendado nas eleccións de fai un mes considero que o salario é o indicado como mínimo para responsabilidade dunha alcaldesa ou alcalde nun concello como este

Sra alcaldesa: Presupuesto del Concello de Vimianzo 5215768 euros.

Sr Villar: como poden ver ten menos poboación

Sr Picallo: me gustaría que me aclarara a quen me teño que dirixir, deixádeme claro, en Vimianzo ese presupuesto non é o deste ano, non vamos seguir debatindo este tema esta saldado o goberno de Cee costa 170000 euros o ano o mellor é barato o mellor é caro, vámolos a ver, como nas empresas si cumples os obxectivos tiras para arriba, dou por zanjado o tema.

Sr Villar: respecto o que di o portavoz do BNG, hai moitas entidades veciñais e que hai que coller os criterios as cantidades estaban dadas, sabes que trouxemos o listado, son nominativas e durante non se aprobaron os presupostos e tiveron que quedar así, agora pódense mover pero en xullo a maioría xa fixeron as actividades e demais e non é o momento, a ver nos próximos presupostos pero os cartos que hai como dicimos sempre son fabas contadas.

Sr Domínguez Louro: moi breve, mais alo diso eu insisto, non falo da cantidade global, se fixa o goberno fixa un tanto por cento do orzamento que vai adiado a iso e sobre ese tanto por cento sobre esa cantidade haberá que facer o meu entender e ademais é o método da deputación da Coruña que goberna o Psoe e Bng facer un concurso de méritos para que o reparto sexa o mais xusto posible, hai asociacións que teñen moitísimo gasto anual que haberá que axudar na medida do posible mais que outras que teñen menos gastos ou actividades, evidentemente as actividades non son todos os anos iguais non sempre se fan as mesmas, hai asociacións que si que levan organizando anos e anos a mesma actividade e queremos que siga así pero outros que hai picos, anos onde se traballa mais ou menos, polo tanto nos non concordamos en que esas subvencións nominativas teñen que ser sempre nominativas senón baseadas nuns criterios que agora engado que sexan os propios técnicos quen acompañado de persoal independente que xulguen esas peticións memorias de actividades e sobre elas repartir ese diñeiro na maneira mais xusta iso é o único que me refiro e a modo aclaratorio polo que acabas de dicir.

Sr Villar: ten que presentar unha memoria xustificativa do que fan polo que recibiron eses cartos,

Sr Domínguez Louro: iso está claro, o que digo é que o reparto consideramos que hai que facer doutra maneira, o mellor a que recibe 800 ten mais gastos ca que se lle da 1500 ou 6000 é unha maneira que non a invento eu nin o BNG de Cee xa se está usando con froitos moi bos na deputación da Coruña tanto na área de deportes como de cultura.

Sr Villar: a maioría das nominativas foron importadas xa ou por petición de asociacións nese momento



Sra alcaldesa: solo para matizar una cosa Serxio, vamos a ver, que usted realice esa crítica en relación a los presupuestos de cara el próximo ejercicio la entiendo pero a día de hoy no porque el anexo de subvenciones se aprueba en enero y se aprobó en enero y no lo podemos incluir en este presupuesto para este ejercicio, lo entiendo para ejercicios posteriores y que tengamos que ir a una concurrencia competitiva vale pero para estos presupuestos no porque usted sabe perfectamente que no se puede hacer esa modificación que usted está proponiendo en este momento.

Sr Domínguez Louro: No era nin unha crítica, era repetir os argumentos de decembro porque son os mesmos, e avanzamos algo si reconece que se pode facer doutra maneira polo tanto é positivo o que dixen non o tome como crítica senón como unha aportación.

Sra alcaldesa: corrijo justificando la no aprobación en algo que ahora no se puede hacer.

Sr Domínguez Louro: xa lle dixen que non ía aprobar por outros motivos non estou xustificando nada estou dicindo a visión sobre ese punto en concreto.

Sr Villar: pola nosa parte nada mais.

-----VOTACIÓN-----

Sométese á votación a proposta e resulta aprobada no seguinte sentido: 7 votos a favor do grupo político PSOE e 6 votos en contra dos restantes concelleiros/las asistentes á sesión.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E SEGUIMENTO DO PXOM.

- 4. Proposta da alcaldía relativa á recuperación de oficio do treito de camiño público que foi cedido pola mercantil RÍA DE LIRES SL (devolución do camiño ocupado e á restitución do dominio público afectado). EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147.**

Considerando o Ditame da Comisión Informativa:

“Na sesión realizada pola Comisión Informativa de Urbanismo e Seguimento do PXOM o día luns 10 de xullo de 2023 emitiuse o seguinte DITAME:

“2. Proposta da alcaldía relativa á recuperación de oficio do treito de camiño público que foi cedido pola mercantil RÍA DE LIRES SL (devolución do camiño ocupado e á restitución do dominio público afectado). EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147.

Considerando a seguinte:

“PROPOSTA ALCALDÍA

EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147: recuperación dun ben (camiño) de dominio público.

Margarita Lamela Louzán, alcaldesa do Concello de Cee, considerando que o 03-05-2023, ditouse resolución da alcaldía con número 364/2023, na que se resolvía:

“(…) PRIMEIRO. Incoar o procedemento de RECUPERACIÓN DO CAMIÑO PÚBLICO SINALADO NO ENCABEZADO DO PRESENTE ESCRITO, a saber:

Finca segregada. RÚSTICA. FINCA NÚMERO DOSCIENTOS CUARENTA Y OCHO – UNO (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, Municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 metros cuadrados y linda: NORTE, ESTE y OESTE, camino y SUR, Herminio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Fandiño Canosa (247).

SEGUNDO. *Conceder un trámite de DEZ DÍAS improrrogable ós responsables e interesados en xeral para formular alegacións de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 56 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.*

TERCEIRO. *Que a obriga de restauración do dominio público deberá abranguer a eliminación do recheo de terreno e do muro de contención realizado sen autorización sobre dominio público, conforme co establecido no plano de cesións e na licenza, debendo deixar 5 metros dende o eixo do camiño libres e expeditos e coa rasante na actualidade existente no camiño.(...)"*

Considerando o escrito de alegacións presentado o 29 de maio de 2023 pola mercantíl interesada.

Resultando o Informe-Proposta emitido en data 28 de xuño de 2023 emitido pola Secretaria Municipal, que literalmente indica:

"Expediente: BENS/ Expediente de recuperación dun ben (camiño) de dominio público.

"EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000147.

Ref. Catastral: 0108601MH8600N0001BD (parcela que está a ocupar o dominio público).

Trámite: INFORME XÚRIDICO ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS EN EXPEDIENTE DE RECUPERACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO.

Persoa responsable da usurpación do ben: RIA DE LIRES SL, con NIF B70500194, con domicilio en LUGAR LIRES, 86, 15270 Concello de Cee (A Coruña).

I. ANTECEDENTES

I.1. CESIÓN DO TERREO EN ESCRITURA PÚBLICA

En data 13 de xullo de 2017 a entidade Ría de Lires formalizou en escritura pública a cesión do treito de finca que se describe baixo o apartado a) do expositivo II a este Concello, parcela que se describe:

"a. Finca segregada. RÚSTICA. FINCA NÚMERO DOSCIENTOS CUARENTA Y OCHO – UNO (248-1) de la zona de concentración parcelaria de San Esteban de Lires, Municipio de Cee. Tiene una superficie de 758,50 metros cuadrados y linda: NORTE, ESTE y OESTE, camino y SUR, Herminio Fandiño Canosa (247)."

Foi acompañado un plano de á devandita escritura.

Esta cesión de terreos destinados a dominio público consta debidamente catastrada coas coordenadas UTM que se estableceron na escritura de cesión, tal e como se aprecia a día de hoxe no catastro.

II.2. LICENZA

Esta cesión foi realizada en cumprimento da obriga imposta pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, como cesión de terreos destinados á ampliación de vieiros públicos, por canto obtiveron unha licenza para a construción dun complexo turístico, outorgada por este concello en data 23 de xuño de 2017.



Nesta licenza establecíase o deber de cesión dunha franxa de 5 metros libre de toda edificación

A parcela contará con acceso rodado directo dende unha vía de titularidade pública que reuna os seguintes requisitos:

(...) Contará en toda a súa lonxitude dunha calzada pavimentada de ancho mínimo de 6 metros e dúas zonas ós lados completamente libres de calquer construción de 2.00 metros de ancho cada unha

(...)

A previsión viaira deste artigo supera os 4 metros previstos na lexislación autonómica, polo que deberán entregarse 5 metros, medidos dende os eixos das vías NE e SO, na zona da Ordenanza 21

(...)

A parcela contará con acceso rodado directo dende unha vía de titularidade pública que reuna os seguintes requisitos:

(...) Contará en toda a súa lonxitude dunha calzada pavimentada de ancho mínimo de 6 metros e dúas zonas ós lados completamente libres de calquer construción de 2.00 metros de ancho cada unha

(...)

A previsión viaira deste artigo supera os 4 metros previstos na lexislación autonómica, polo que deberán entregarse 5 metros, medidos dende os eixos das vías NE e SO, na zona da Ordenanza 21

Tamén se establecía expresamente como condicionante da mesma, sendo condición suspensiva da licenza o seu incumprimento, o que podería implicar que a mesma todavía non comezase a ter vixencia:



CONCLUSIÓNS

Primeira: licenza urbanística de obras

Procedería conceder a licenza urbanística que se solicita, baixo condición de que as obras se axusten á ordenación urbanística en relación coas seguintes cuestións:

- *entrega de 5 m, medidos dende os eixes das vías NE e SO, na zona da Ordenanza 21*
- *itinerario peonil accesible entre os distintos edificios e destes coas zonas comúns*
- *cumprimento do DB-SI na porta de saída da sala multiusos*
- *cumprimento do art. 3.c.1 da L 38/1999 e do DB-SUA1 na escaleira de acceso á terraza*

Os citados axustes figurarán recollidos no proxecto de execución que deberá constar presentado no Concello, xunto cos oficios de dirección e coordinación de seguridade e saúde, antes do inicio das obras.

En todo caso, a eficacia da licenza só se producirá a partir do cumprimento do deber de entrega dos terreos necesarios para completar as seccións viarias, mediante o levantamento da acta correspondente.

I.3. OCUPACIÓN DA FRANXA OBXECTO DE CESIÓN

En data 28 de febreiro de 2023 a APLU en expte. COR/52/2021-RP1 declarou, trala tramitación dun prolixo expediente fronte á mercantil Ría de Lires SL, procedeu á ocupación ilexítima do camiño público cun muro de contención que fai que o treito cedido quede en plano máis alto, coa única finalidade de dar servizo a finca titularidade daquela mercantil e privala para o uso colectivo veciñal. A tal efecto dispón:

Por todo o anterior, RESOLVO:

“Primeiro.- Declarar que as obras de recheo de terras e a construción dun muro de contención das mesmas, executadas sobre terreos destinados a viario, co fin de formar unha plataforma horizontal de terreo, sobre a que se asentán as construcións destinadas a un complexo turístico existente na parcela con referencia catastral 0108601MH8600N0001BD, sitas no lugar de Lires 147, no termo municipal de Cee, provincia de A Coruña, son ilegalizables, por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

Segundo.- Ordenar á entidade “Ría de Lires, S.L.” (na súa condición de promotora das obras) e o Concello de Cee (na súa condición de propietario dos terreos no que se efectuaron as obras), a demolición do muro de contención, así como á reposición dos terreos ao estado anterior á execución das obras do recheo de terras, a súa costa.

A orde de demolición e reposición ao estado anterior deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.



Terceiro.- Para o cumprimento do ordenado no apartado segundo, Inés Fraga Romar e Braulio Montero Pampín, na súa condición de propietarios dos terreos colindantes afectados pola orde de reposición dos terreos, deberán posibilitar a execución das obras de reposición dos terreos ao seu estado anterior á execución do recheo.

Cuarto.- Apercibir aos obrigados de que no caso de incumprimento da orde de demolición e de reposición no prazo sinalado procederase á súa execución subsidiaria ou á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables periodicamente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha, conforme ó disposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro, do solo de Galicia.

Quinto.- Notificar aos interesados a presente resolución, indicándolles que pon fin á vía administrativa e contra a mesma poden interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, ante o director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar esta notificación, ou ben, se non exercitan o seu dereito a presentar recurso potestativo de reposición, poden interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do contencioso - administrativo en cuxa circunscrición radique o inmovible afectado, conforme ao disposto no artigo 14.1, regra terceira da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa."

Neste expediente, que se incorpora ó presente apréciase sen xénero de dúbidas a ocupación feita pola empresa responsable, empresa que foi parte interesada no expediente tramitado pola APLU.

Ante a gravidade dos feito declarados nun acto administrativo firme pola administración autonómica, esta administración non pode permanecer impasible, polo que é preceptiva a tramitación do presente expediente de recuperación do dominio público, procedendo á eliminación do muro de contención e recheo que ocupan o mesmo.

Para o caso de incumprimento, se advirte a imposición de multas coercitivas reiterables mensualmente que ante a gravidade da actuación, o tempo transcorrido e a resistencia contumaz á devolución do camiño público.

I.4. En data 3 de maio de 2023, por Resolución da alcaldía Nº 364/2023 foi incoado expediente de recuperación, investigación e deslinde do camiño, outorgando un prazo de 10 días á empresa interesada para que formulase alegacións.

En data 29 de maio de 2023 a mercantil interesada formula alegacións que se resumen nas seguintes:

Primeira. Considera á empresa que non é este o proceso axeitado para a execución da orde de demolición dictada pola APLU que todavía non é firme ó estar recorrida en vía administrativa pola empresa.

Contestación: O presente expediente ten unha finalidade e obxectivo complementemente diferente ó tramitado pola APLU. Este concello, tendo constancia da flagrante ocupación dun camiño público cedido pola propia interesada, debe de protexer ó patrimonio de tódolos veciños do concello. A existencia douro expediente non implica que esta administración non estea imperativamente obrigada á tramitación do presente expediente e á recuperación do camiño público invadido. Deste xeito este Concello non está a executar ningunha resolución da administración autonómica, senón que se está incoando un novo expediente en uso das competencias imperativas establecidas pola Lei.



Segunda. Como segunda alegación, a interesada alega varias consideracións:

1. Que este concello non posúe a posesión do vieiro público.

Contestación: O treito do camiño obxecto do presente expediente **foi cedido notarialmente pola agora alegante**. Consonte co disposto no art. 1463 do Código civil, a sinatura de escritura pública, presupón ope legis a ficta traditio e a entrega da posesión do treito obxecto do presente expediente. Por iso enténdese que este concello ten a posesión do inmovible obxecto deste expediente.

Así o establece o art. 1463 parágrafo segundo do Código Civil:

“1462. Se entenderá entregada la cosa vendida cuando se ponga en poder y posesión del comprador.

Quando se haga la venta mediante escritura pública, el otorgamiento de ésta equivaldrá a la entrega de la cosa objeto del contrato, si de la misma escritura no resultare o se dedujere claramente lo contrario.”

Pese a que se di que non consta documentación acreditativa da posesión, sí consta no expediente a escritura pública de cesión ós folios 28-74 tal e como admite a alegante na súa alegación.

Este alegato debe ser desestimado.

2. Que este concello non identifica correctamente a franxa de terreo que quere recuperar facendo “alusión genérica a la escritura de cesión y al plano de cesión que se incorpora a la misma.”

Contestación: O treito está perfectamente identificado polo plano de cesión notarial efectuado pola propia interesada (como ela mesma recoñece) na que constan as coordenadas UTM para a alteración catastral, así como polo informe de medición efectuado polos técnicos da APLU, medición que consta no expediente, perfectamente acoutada e definida.

Este alegato debe ser desestimado.

3. Confusión entre as potestades de recuperación do camiño e a facultade de reposición da legalidade. Cita a sentenza do TSJ de Galicia de 3 de xaneiro de 2022.

Contestación: Reiteramos que esta administración posúe competencia para a recuperación dun treito de camiño que inequivocamente foi cedido en escritura pública. A sentenza que cita á alegante no é de aplicación o caso, por canto o TSJ de Galicia enxuciaba un caso no que o concello estaba intentando recuperar de oficio un treito de cesión para ampliación de viario **que non fora cedido por erro**. A Sentencia, acertadamente indica que neste caso non se pode acudir á recuperación de oficio. Pero o que diferencia o caso enxuciado pola devandita sentenza co obxecto do presente expediente, é que neste caso **o camiño que agora se pretende recuperar foi expresamente cedido en escritura pública e cun plano acoutado pola agora alegante**, polo que non sería de aplicación a doutrina establecida naquela sentenza.

STSJ de Galicia de 3 de xaneiro de 2022, Rec: funcionamento cuarto:

*“Cuarto.- (...) Del levantamiento topográfico llevado a cabo resulta la existencia de diferencias entre la realidad física existente, en que existe una edificación totalmente finalizada desde hace años, y el plano de las NNSS de Fisterra, de los portales NUM002 y NUM001 del edificio, en la calle Camiño DIRECCION003 (esquina Sur), que ocupa un exceso 62,60 m2 **porque se trata de una superficie que debiendo haber sido cedida, no lo fue**, a pesar de que esta condición venía*



Exp. 2023/G010/000011

impuesta por la licencia, siendo además uno de los deberes urbanísticos impuestos al tratarse de suelo urbano consolidado, por el entonces vigente artículo 19.a) de la LOUGA -habiéndose cedido más superficie en el espacio privado que ocupan los portales NUM000 (oeste, esquina calles DIRECCION000 y Camiño DIRECCION003) y NUM001 (este, RUA000). Como de la prueba practicada lo que resulta es que el problema deriva de un incorrecto replanteo del solar de origen, de donde resulta una variación del volumen final construido, la conclusión es la misma, y es de que se trata de una cuestión de Derecho Urbanístico.

Este alegato debe ser desestimado.

4. Cuarta alegación: Indica a alegante, que a resolución da APLU non é firme por canto consta a interposición de recurso instando a paralización cautelar consonte co establecido no art. 117 da Lei 39/2015.

Contestación: Reiteramos que ó expediente tramitado pola APLU é independente deste, por canto esta administración exerce ás competencias que lle son propias. O feito de que a resolución da APLU constata a grave, evidente e inequívoca ocupación de dominio público o único que fai, como se dunha denuncia se tratase, é advertir a esta administración da necesidade imperativa de actuar en contra quen ocupan o dominio público.

5. Inexistencia dun informe que constate á “usurpación posesoria e a data nas que se iniciou”.

Contestación: Consta no expediente dun xeito inequívoco como a alegante está ocupando o treito do camiño que ela mesma cedeu. Dunha mera vista ás fotografías que se acompañan na resolución da APLU (folios 1 a 26), pódese apreciar como a alegante executou un muro de contención de terreos que se eleva máis de dous metros sobre o camiño co gallo de aproveitarse do treito de dominio público, como se aprecia claramente:








Estas fotos constan na resolución da APLU e foron feitas pola inspección deste organismo, inspección que goza da presunción iuris tantum de validez. Por outra parte, non se pediu proba en contrario nin se negou que a alegante non estea ocupando este terreo. Foi ademais a alegante parte neste expediente administrativo da APLU.

Ademais os servizos de inspección da APLU levantaron plano acoutado, plano que se reproduce na resolución da APLU que encabeza o expediente, resolución que ademais foi notificada á alegante, na que se aprecia como a alegante, sen título habilitante ningún para apropiarse da franxa de camiño que ela mesma cedera.


Consta como na resolución da APLU os técnicos autonómicos, fixeron un estudo comparativo entre as rasantes naturais existentes na parcela antes da cesión dos terreos e da obra feita en comparación coa existente na actualidade:

Rasantes anteriores:




Se aprecia como non existía muro de contención.

Rasantes actuais, facéndose constancia da ubicación do muro en relación á zona de cesión:



Establécense sen xénero de dúbidas como o muro de contención (marcado con frecha azul) está claramente invadindo a zona de cesión (indicado con frecha vermella). E isto faise co gallo de que a mercantil alegante poida usar de xeito privativo o dominio público na finca que queda en plano máis alto, cousa que se aprecia sen xénero de dúbidas nas fotografías.

Ademais existe no expediente tramitado informes onde claramente se aprecia a invasión do camiño con recheo e co muro de contención:



Pero é que ademais, na acta de cesión a agora alegante procedeu a modificar o catastro para facer que a cesión se materializase neste rexistro público, establecendo as coordenadas UTM de toda a franxa obxecto de cesión, deixando inequivocamente establecida a zona que estaba a ceder, apreciándose dun xeito clarividente na ortofoto do catastro a clara invasión da alegante (liña azul muro, liña vermella zona de cesión segundo catastro):



Aprecésiase aquí sen as liñas:



Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



Ó Non existir a máis mínima dúbida da invasión do vieiro por parte da alegante, e non existir proba en contrario desestímase a alegación.

6. Sobre a non concorrencia dos requisitos establecidos xurisprudencialmente para que este concello poida exercitar a acción de recuperación de oficio de bens públicos

Contestación: A xurisprudencia existe que concorran os seguintes requisitos, todos concorrentes no presente suposto:

1. Acreditación da posesión administrativa da franxa obxecto de cesión. Acredítase coa escritura pública de cesión, que como antes temos dito, supón a ficta traditio e a posesión do treito obxecto deste expediente.

2. Uso perturbado pola persoa cara a que se dirixa a acción administrativa.

Quedou constatado polas fotos que por Ría de Lires SL se edificou un muro de contención e recheo sobre o treito cedido co gallo de aproveitar esta franxa e aterrazar a parcela para ter un mellor aproveitamento da mesma, ocupando o treito do camiño que eles mesmo cederan.

Boa proba de que a alegante coñece esta usurpación é que presentou, como ela mesmo refire no seu escrito, unha solicitude de concesión do terreo de dominio público que agora ocupa. Dinos na súa alegación:

Es de destacar, además, que mi representada solicitó a este Ayuntamiento un estudio urgente de la viabilidad de formalizar un contrato de concesión de uso de dicha franja en fecha **14 de junio de 2018, número de registro de entrada 2347**, sin que se le hubiera contestado,

9

actuación incompatible con la usurpación, pues de haber tenido la intención de apropiarse dicha zona no lo hubiera solicitado.

Por tanto:

